

e momento na contía necesaria para asegurar a percepción das devanditas contías, sendo de aplicación as regras sobre compensación e absorción que se establecen nos reais decretos polos que anualmente se fixa o salario mínimo.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

O texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, modifícase nos seguintes termos:

Un. O punto 3 do artigo 211 queda redactado do modo seguinte:

«3. A contía máxima da prestación por desemprego será do 175 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples, salvo cando o traballador teña un ou máis fillos ao seu cargo; en tal caso, a contía será, respectivamente, do 200 por cento ou do 225 por cento do devandito indicador.

A contía mínima da prestación por desemprego será do 107 por cento ou do 80 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples, segundo que o traballador teña ou non, respectivamente, fillos ao seu cargo.

En caso de desemprego por perda de emprego a tempo parcial, as contías máxima e mínima a que se refiren os parágrafos anteriores determináranse tendo en conta o indicador público de rendas de efectos múltiples en función das horas traballadas.

Para os efectos do previsto neste punto, terase en conta o indicador público de rendas de efectos múltiples mensual, incrementado nunha sexta parte, vixente no momento do nacemento do dereito.»

Dous. Os puntos 1 e 2 do artigo 217 quedan redactados do modo seguinte:

«1. A contía do subsidio por desemprego será igual ao 80 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples mensual vixente en cada momento.

No caso de desemprego por perda dun traballo a tempo parcial, a devandita contía percibirase en proporción ás horas previamente traballadas, nos supostos previstos nas alíneas a) e b) do punto 1.1, e nos puntos 1.2, 1.3 e 1.4 do artigo 215.

2. Malia o anterior, a contía do subsidio especial para maiores de 45 anos a que se refire o punto 1.4 do artigo 215 determinarase en función das responsabilidades familiares do traballador, apreciadas conforme o disposto no punto 2 do citado artigo, de acordo coas seguintes porcentaxes do indicador público de rendas de efectos múltiples mensual vixente en cada momento:

a) 80 por cento, cando o traballador teña un ou ningún familiar ao seu cargo.

b) 107 por cento, cando o traballador teña dous familiares ao seu cargo.

c) 133 por cento, cando o traballador teña tres ou máis familiares ao seu cargo.»

Tres. A prestación por incapacidade temporal no suposto previsto no artigo 222.3, parágrafo segundo, do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social terá unha contía igual ao 80 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples mensual.

Disposición derradeira segunda. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.7.^a, 13.^a e 17.^a da Constitución, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación laboral, bases e planificación xeral da actividade económica e lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

1. Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto lei.

2. As referencias a reais decretos e ordes ministeriais incluídas neste real decreto lei enténdense sen prexuízo da facultade do Goberno e dos titulares dos departamentos ministeriais de procederen á súa modificación ou derogación no exercicio da potestade regulamentaria.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o 1 de xullo de 2004.

Dado en Madrid o 25 de xuño de 2004.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

12011 REAL DECRETO 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións cunícolas. («BOE» 154, do 26-6-2004.)

A cunicultura, como actividade pecuaria, experimentou nos últimos anos unha importante evolución e atinxiu un considerable relevo e un crecente interese.

Esta evolución deu lugar a unha realidade produtiva, económica, sanitaria e ambiental do sector cunícola que precisa dunha adecuada ordenación das explotacións, de igual forma que se levou a cabo con outros sectores produtivos, como o porcino ou o apícola, en desenvolvemento e aplicación da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

O obxectivo básico da ordenación do sector é promover a súa evolución equilibrada a través da racionalización dos factores zootécnicos, sanitarios e ambientais relacionados coa produción cunícola.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xuño de 2004,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto establece as normas básicas polas que se regula a aplicación de medidas de ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións cunícolas, incluídas as condicións mínimas de localización, rexistro, infraestrutura zootécnica, sanitaria e de equipamentos que permitan un eficaz e correcto desenvolvemento da actividade gandeira no sector cunícola dentro do territorio nacional, conforme a normativa vixente en materia de hixiene, sanidade animal, identificación e rexistro, benestar dos animais e ambiente.

2. As disposicións aquí establecidas serán de aplicación ás explotacións en que se críen ou manteñan animais da familia «Leporidae» (coellos e lebres) e os seus cruzamentos, aos cales se lles aplicará o termo «cunícola».

3. Exceptúanse da aplicación deste real decreto, sen prexuízo das disposicións que, no ámbito das súas competencias, establece a autoridade competente:

a) As explotacións de autoconsumo definidas na alínea c) do artigo 2 deste real decreto.

b) Os animais de compañía e domésticos, segundo se definen nos números 3 e 4 do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

c) A fauna silvestre, segundo se define no número 5 do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril.

d) As explotacións gandeiras especiais incluídas no número 2 do anexo III do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, salvo os matadoiros cunícolas para efectos do control das enfermidades cunícolas, especialmente as mencionadas no anexo I deste real decreto.

Este real decreto aplicarase aos matadoiros no que se refire ao animal vivo até o momento da súa entrada na zona de atordoamento e sangradura, sen prexuízo das excepcións sinaladas ao longo do seu articulado.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto enténdese por:

a) Animal: calquera exemplar da familia «Leporidae».

b) Explotación: calquera instalación, construción ou, no caso das explotacións ao aire libre, calquera lugar no territorio nacional, utilizado para a cría ou tenza de animais da familia «Leporidae», incluídos os matadoiros cunícolas.

c) Explotación de autoconsumo: aquela explotación cuxo censo máximo de femias reprodutoras en produción sexa menor ou igual a cinco e que non comercialice a súa produción.

d) Titular da explotación: calquera persoa física ou xurídica propietaria ou responsable dos animais mesmo con carácter temporal.

e) Bioseguranza: aquelas estruturas da explotación e aspectos do manexo orientados a protexer os animais da entrada e difusión de enfermidades infecto-contaxiosas e parasitarias nas explotacións.

f) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas.

g) Veterinario autorizado ou habilitado: o licenciado en veterinaria definido para os efectos do número 23 do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril.

h) Veterinario oficial: o licenciado en veterinaria definido para os efectos do número 22 do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril.

Artigo 3. *Clasificación zootécnica das explotacións cunícolas.*

1. As explotacións cunícolas, a excepción dos matadoiros, clasifícanse, dependendo da actividade ou actividades a que se dediquen, segundo a seguinte clasificación zootécnica:

a) Explotacións de selección: son aquelas cuxa actividade e dedicación se dirixen á obtención de animais de raza pura ou liña híbrida, coa finalidade de obter animais destinados á reprodución, amparados polos correspondentes programas de mellora xenética e control sanitario aprobados pola autoridade competente.

b) Explotacións de multiplicación: son as dedicadas á multiplicación de animais de razas puras ou híbridos, procedentes das explotacións de selección, cuxa finalidade principal é a obtención de animais reprodutores para explotacións de produción, obtidas mediante a aplicación dos correspondentes programas zootécnicos e sanitarios.

c) Centros de inseminación artificial: aquela explotación que se dedica á produción e distribución de seme de coello a outras granxas para a súa utilización en inseminación artificial.

d) Explotacións de produción: son aquelas cuxo fin é a obtención dalgún dos seguintes produtos: carne, pel, pelo, animais de compañía, animais para ceiba ou repoboación ou animais de experimentación; todas elas poderán xerar os seus propios reprodutores para reposición. Este tipo de explotacións divídese nas seguintes categorías:

1.^a Explotacións de produción de carne: son as explotacións que están dedicadas á produción, á engorda, ou á produción e engorda de cazapos para o seu sacrificio e conversión en carne.

2.^a Explotacións de produción de pel: son as explotacións que están dedicadas á produción de animais para aproveitar a súa pel con fins comerciais.

3.^a Explotacións de produción de pelo: son as explotacións que están dedicadas á produción de animais para aproveitar o seu pelo con fins comerciais.

4.^a Explotacións de cría de animais de compañía: son as explotacións que crían animais da familia «Leporidae» para o seu uso como animais de compañía con fins comerciais.

5.^a Explotacións de cría de animais para ceiba ou repoboación: son aquelas explotacións dedicadas á cría de animais cuxo destino é a ceiba ou a repoboación.

6.^a Explotacións de cría de animais de experimentación: son aquelas explotacións dedicadas á cría de animais cuxo destino é o seu uso como animais de experimentación. Estas explotacións rexeranse pola normativa propia que lles sexa aplicable e, de maneira subsidiaria, por este real decreto.

2. As explotacións non clasificadas como explotacións de produción de carne poderán realizar ceiba unicamente co sobranse da súa propia produción, e non se autorizará a entrada nestas de animais para ceiba procedentes doutras explotacións.

3. Cada explotación cunícola terá unha única clasificación zootécnica para efectos de rexistro e identificación. Non obstante, unha explotación cunícola poderá ter máis dunha clasificación zootécnica baixo un mesmo código de explotación só no caso de as autoridades competentes consideraren que as medidas de bioseguranza e o programa sanitario presentado polo veterinario autorizado a que se refire o artigo 4 son adecuados e suficientes para previr a introdución e o contaxio de enfermidades.

e
Artigo 4. Condicións mínimas que deben reunir as explotacións cunícolas.

As explotacións cunícolas, con carácter xeral, deberán cumprir as condicións seguintes:

1. Condicións hixiénico-sanitarias.

a) As explotacións cunícolas, a excepción dos matadoiros, contarán cun programa sanitario básico que presentarán para a súa aprobación pola correspondente autoridade competente. Este programa básico será supervisado na súa aplicación polo veterinario autorizado ou habilitado da explotación, o cambio do cal deberá ser comunicado polo gandeiro. O programa comprenderá as seguintes actuacións:

1.^a Programa de control, ao menos, fronte ás enfermidades infecto-contaxiosas establecidas no anexo I.

2.^a Programa de control fronte a parasitoses externas e internas.

3.^a Programa de control fronte a enfermidades micóticas.

4.^a Código de boas prácticas de hixiene, con indicación das medidas de bioseguranza que se prevexa adoptar, incluíndo, entre outros, un programa de limpeza e desinfección, desinsectación e desratización e un programa de eliminación hixiénica de cadáveres e outros subprodutos animais non destinados ao consumo humano.

5.^a Formación básica en materia de bioseguranza e benestar animal adecuados para os operarios.

As actuacións 2.^a, 3.^a e 4.^a non serán de aplicación no caso dos matadoiros cunícolas.

b) No caso dos matadoiros cunícolas, o programa sanitario básico establecido na alínea a) deste número consistirá nun protocolo ou manual de actuacións fronte ás enfermidades contempladas no anexo I, aprobado pola autoridade competente e supervisado polo veterinario oficial, sen prexuízo do disposto no artigo 10 do Real decreto 1543/1994, do 8 de xullo, polo que se establecen os requisitos sanitarios e de policía sanitaria aplicables á produción e á comercialización de carne de coello doméstico e de caza de granxa. Así mesmo, o titular do matadoiro garantirá a formación dos operarios en materia de:

1.^a Bioseguranza, sen prexuízo do establecido no Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas aos produtos alimenticios, e no Real decreto 202/2000, do 11 de febreiro, polo que se establecen as normas relativas aos manipuladores de alimentos, e

2.^a Benestar animal, de acordo co Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza.

c) As explotacións cunícolas clasificaranse, para efectos sanitarios, segundo as categorías establecidos no anexo II. A cualificación sanitaria poderase solicitar ao órgano competente da comunidade autónoma en que se acharen, segundo os criterios establecidos no anexo II. Para efectos deste real decreto, os matadoiros consideraranse como explotacións sen cualificación.

d) As explotacións de selección, multiplicación e os centros de inseminación artificial deberán estar cualificados ao menos como indemnes da enfermidade hemorráxica vírica e indemnes de mixomatose. Os animais que se empreguen para repoboacións no medio natural deberán proceder de explotacións cualificadas ao menos como indemnes de mixomatose e enfermidade hemorráxica vírica.

e) O movemento dos animais dunha explotación cunícola realizarase baseándose na súa cualificación sanitaria, segundo se establece no anexo II.

f) O manexo da explotación estará baseado nos principios de bioseguranza. Despois do traslado ou da saída de cada grupo de animais ou ao terminar cada ciclo de produción, deberá practicarse a limpeza e desinfección dos cubículos e material de produción (gaiolas, comedeiros, bebedeiros e cochos) e, cando sexa factible, o baleiro sanitario. As explotacións deberán dispor dun sistema eficaz de control de visitas ou rexistro de visitas onde se anoten todas as que se produciren.

g) A información relativa aos tratamentos medicamentosos, incluídos os pensos medicamentosos e as pautas vacinais, manterase continuamente actualizada no correspondente libro de tratamentos consonte o establecido na normativa vixente.

h) Adoptaranse as medidas oportunas para garantir a correcta xestión dos animais mortos e outros subprodutos animais non destinados ao consumo humano, de acordo coa normativa vixente.

i) No suposto de que unha agrupación de defensa sanitaria gandeira cunícola comprenda, ao menos, o 60 por cento das explotacións localizadas dentro da área xeográfica delimitada polas explotacións integrantes desa agrupación ou da área xeográfica previamente determinada para o efecto pola autoridade competente, todas as explotacións cunícolas desa área xeográfica, a excepción dos matadoiros, con independencia do censo que posúan, deberán levar a cabo o mesmo programa sanitario autorizado oficialmente para a agrupación de defensa sanitaria gandeira, en todos aqueles aspectos relativos aos programas recollidos no número 1.a) deste artigo.

j) Con relación ao benestar animal deberase cumprir como mínimo o establecido no Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras; no Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas relativas á protección dos animais durante o seu transporte, e no Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza.

2. Condicións das construcións e instalacións.

a) A explotación situarase nunha área cercada, que a ille do exterior, e disporá de sistemas efectivos que protexan os animais en todo momento, na medida do posible, do contacto con insectos e outros posibles vectores da transmisión de enfermidades.

b) A explotación deberá contar con instalacións e equipamentos adecuados nos seus accesos que aseguren unha limpeza e desinfección eficaz das rodas dos vehículos e do calzado dos operarios e visitantes. Aos visitantes deberáselles proporcionar vestiario adecuado de fácil limpeza e desinfección ou dun só uso.

c) As gaiolas en que se transporten os animais serán de material facilmente limpable e desinfectable, e cada vez que se utilicen serán limpadas e desinfectadas antes de utilizalas de novo, ou ben serán dun só uso.

d) O deseño, útiles e equipamentos da explotación posibilitarán en todo momento a realización dunha eficaz limpeza e desinfección, desinsectación e desratización.

e) Para a xestión de esterco, as explotacións deberán dispor de fosa ou esterqueira impermeabilizadas, natural ou artificialmente, que eviten o risco de filtración e contaminación das augas superficiais e subterráneas, asegurando a recolla de lixiviados e evitando os arrastres

por auga de chuva, con capacidade suficiente para permitir a súa xestión adecuada.

f) Disporán de lazareto ou medios adecuados para a observación e secuestro de animais enfermos ou sospeitosos de enfermidades contaxiosas. A corentena dos animais procedentes doutras explotacións poderase realizar nestas instalacións, cando non estean ocupadas, precedendo baleiro sanitario e desinfección.

g) As explotacións instaladas con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberán, ademais, estar deseñadas para evitar a entrada de vehículos de fornecemento de pensos, carga e descarga de animais e de retirada de esterco e xurros e de animais mortos. Estas operacións deberanse realizar desde fóra da explotación.

h) Exímese do cumprimento deste número 2 os matadoiros cunícolas, que se rexerán pola normativa específica que estableza os requisitos aplicables a estes en materia de construcións e instalacións.

3. Condicións de localización.

a) En aplicación do establecido no artigo 36.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril, e co fin de reducir o risco de difusión de enfermidades infecto-contaxiosas no gando cunícola, establécese a obrigatoriedade de que exista unha distancia mínima de 500 metros entre as explotacións instaladas con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto, así como entre estas e outros establecementos ou instalacións que poidan constituír fonte de contaxio, como as explotacións existentes de maneira previa á entrada en vigor deste real decreto, instalacións de transformación de subprodutos de orixe animal, vertedoiros e explotacións en que se manteñan animais epidemioloxicamente relacionados coa familia Leporidae. Todo isto sen prexuízo do establecido no Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano, e no Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano.

b) As anteditas condicións de localización aplícanse tamén ás ampliacións a que se sometan as explotacións cunícolas con carácter xeral, independentemente de que se encontrasen en funcionamento antes da entrada en vigor deste real decreto ou non, no caso de estas ampliacións implicaren unha redución na distancia lineal mínima entre a explotación cunícola e calquera dos lugares establecidos na alínea anterior, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda.

Artigo 5. *Identificación dos animais da especie cunícola.*

1. Os animais deberán ser marcados ao atinxiren a condición de reprodutores cunha marca consistente nun pendente auricular ou unha tatuaxe na orella, de acordo co que determine a autoridade competente. Esta marca determinará a explotación de que proceden os animais e indícarase segundo se establece no número 5. Non obstante o anterior, e excepcionalmente, os animais reprodutores das explotacións de produción poderanse identificar, antes de abandonaren a explotación, segundo se establece nos números 3 e 4 para os animais non reprodutores. Neste caso, o destino do movemento soamente poderá ser un matadoiro e durante o seu transporte os reprodutores estarán netamente separados do

resto de animais. As gaiolas onde sexan transportados identificaranos como tales reprodutores.

2. Se o tipo de marca utilizado for a tatuaxe, esta realizarase con tinta indeleble e será facilmente lexible ao longo de toda a vida do animal.

3. Os animais non reprodutores que abandonen unha explotación farano en gaiolas seladas cada unha con un ou máis precintos dun só uso colocados de maneira que para abrir a gaiola sexa imprescindible destruílos. Estes animais identificaranse ao menos da forma establecida no número 4.

4. Cada gaiola onde se transporten os animais portará nos correspondentes precintos unha marca que identificará de maneira inequívoca a explotación de orixe dos animais segundo se establece no número 5.a).

5. O código de explotación indícarase:

a) De acordo coa estrutura e na orde establecida no artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

b) Na tatuaxe, da seguinte forma:

1.º Un máximo de tres díxitos que identifican o municipio, segundo a codificación INE.

2.º As siglas que identifican a provincia segundo a codificación do anexo III.

3.º Un máximo de sete díxitos que identifiquen, de forma única, a explotación dentro do municipio.

No caso de animais destinados a intercambios intracomunitarios ou á exportación a países terceiros, a tatuaxe completarase coa indicación "ES" ao comezo da secuencia de letras e números.

Artigo 6. *Rexistro xeral de explotacións cunícolas.*

1. Créase, adscrito á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o Rexistro xeral de explotacións cunícolas, integrado no Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA) establecido no artigo 3 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, ao cal se atará no que se refire ao seu contido e funcionamento. Este rexistro conterá a información relativa a todas as explotacións localizadas en España.

2. As comunidades autónomas inscribirán nun rexistro as explotacións de acordo co establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, conforme as clasificacións zootécnicas establecidas no artigo 3 deste real decreto. O rexistro conterá, para cada explotación, a súa capacidade máxima desagregada por machos reprodutores, femias reproductoras, animais de engorda, animais de reposición (femias e machos) e outros animais que non se correspondan con estas categorías.

Artigo 7. *Libro de rexistro de explotación.*

1. Os titulares das explotacións cunícolas deberán levar na súa explotación, de maneira actualizada, un libro de rexistro de explotación, denominado en diante libro de rexistro.

2. O libro de rexistro terá un formato aprobado pola autoridade competente, levarase de forma manual ou informatizada, estará dispoñible na explotación e será accesible para a autoridade competente, por petición desta, durante o período que esta determine e que, en calquera caso, non poderá ser inferior a tres anos, despois do fin da actividade da explotación.

e

3. O libro de rexistro conterá, ao menos, os datos recollidos no anexo V, sen prexuízo de calquera outra información que estableza a normativa vixente.

Artigo 8. *Tratamentos medicamentosos.*

1. Para a prevención, control e tratamento de enfermidades infecto-contaxiosas e parasitarias, unicamente se poderán empregar medicamentos farmacolóxicos ou inmunolóxicos que dispoñan da autorización previa de comercialización da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios ou da Axencia Europea do Medicamento, se for caso.

2. Cando non existan medicamentos autorizados para a prevención, tratamento ou control dunha enfermidade determinada, poderase recorrer ás excepcións do réxime de autorización establecidos no artigo 30 do Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, sobre medicamentos veterinarios, nas condicións que estableza a Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios, ou á prescrición excepcional nos termos establecidos no artigo 81 do citado real decreto.

Artigo 9. *Obrigas dos titulares das explotacións.*

Os titulares das explotacións cunícolas deberán:

a) Presentar o programa sanitario mencionado no artigo 4 ou, no seu lugar, acreditación da súa pertenza a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira.

b) Levar e manter debidamente actualizado un libro de rexistro de explotación conforme o que se establece no artigo 7.

c) Manter os rexistros documentais que aseguren o cumprimento das condicións sanitarias establecidas no número 1.a) e b) do artigo 4.

d) Levar e manter actualizado o correspondente libro de rexistro de tratamentos medicamentosos previsto no artigo 8 do Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e residuos nos animais vivos e os seus produtos, e respectar os tempos de espera indicados polo veterinario que prescribiu o tratamento, co obxecto de evitar a presenza de residuos na carne ou noutros produtos destinados ao consumo humano. O libro de rexistro de tratamentos medicamentosos deberase conservar polo menos durante tres anos na explotación e o seu titular deberao pór á disposición da autoridade competente cando esta o solicitar.

e) Facilitar ao órgano competente da súa comunidade autónoma, consonte o establecido no artigo 4 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo:

1.º A información necesaria para o rexistro da súa explotación.

2.º A información relativa aos cambios que se produzan nos datos da súa explotación.

3.º O censo medio de animais da súa explotación durante o ano anterior, desagregado en machos reprodutores, femias reproductoras, animais de engorda, animais de reposición (femias e machos) e outros animais que non se axusten a estas categorías.

Artigo 10. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións aplicable establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia

de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional primeira. *Recursos humanos e materiais.*

O Rexistro xeral de explotacións cunícolas establecido no artigo 6 funcionará cos actuais recursos humanos e materiais de que dispón o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación.

Disposición adicional segunda. *Normativa específica e autonómica.*

En caso de explotacións cunícolas cuxa produción vaia destinada á obtención de animais ou produtos sometidos a unha normativa específica, deberanse cumprir, ademais, os requisitos estruturais e de funcionamento que se sinalen nesta. Así mesmo, naquelas comunidades autónomas cuxa normativa autonómica exixa a obriga de rexistrar as explotacións cunícolas de autoconsumo, os datos sobre as explotacións que constan nos rexistros xestionados polas comunidades autónomas serán remitidos ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para os incluír no Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

Disposición transitoria primeira. *Programa básico das explotacións existentes.*

Os titulares das explotacións existentes con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberán presentar para a súa aprobación o programa básico sanitario mencionado no número 1.a) e b) do artigo 4 dentro dun prazo que non excederá os 12 meses a partir da entrada en vigor deste real decreto, na forma que as autoridades competentes determinen.

Disposición transitoria segunda. *Condicións estruturais das explotacións existentes.*

As explotacións existentes con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberanse adaptar ás condicións estruturais exixidas nos números 1 e 2 do artigo 4, a excepción da alínea g) do número 2, dentro dun prazo que non excederá os 18 meses a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Así mesmo, e durante idéntico período, o número 3.b) do artigo 4 non será de aplicación ás explotacións existentes con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, sempre que a autoridade competente considere que non se pon en risco, desde o punto de vista hixiénico-sanitario, nin a explotación nin calquera outra instalación próxima.

Disposición transitoria terceira. *Cualificación das explotacións existentes.*

Concederase un prazo de 18 meses a partir da aprobación do programa sanitario básico pola autoridade competente para a cualificación das explotacións de selección, multiplicación e os centros de inseminación artificial.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que atribúe

ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Dado en Madrid o 25 de xuño de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Programa de control fronte a enfermidades infecto-contaxiosas

As explotacións deberán levar a cabo un programa sanitario encamiñado ao control dos seguintes procesos infecto-contaxiosos:

- a) Mixomatose.
- b) Enfermidade hemorráxica vírica do coello.

Os matadoiros cunícolas deberán dispor dun protocolo ou manual de actuacións fronte ás enfermidades infecto-contaxiosas contidas neste anexo.

ANEXO II

Cualificación sanitaria das explotacións

1. Cualificación fronte a mixomatose e enfermidade hemorráxica vírica do coello.

As explotacións cunícolas cualificaranse segundo o seu nivel sanitario nas seguintes categorías:

a) Explotacións sen cualificación: aquelas en que no último ano se presentasen evidencias clínicas de calquera das dúas enfermidades ou non estean sometidas a un programa de control vacinal. Aquelas explotacións que se encontren dentro desta cualificación soamente poderán trasladar animais con destino ao sacrificio. Estas explotacións denominaranse X1 para a mixomatose e H1 para a enfermidade hemorráxica vírica do coello.

b) Explotacións indemnes: aquelas en que no último ano non se presentasen evidencias clínicas de calquera das dúas enfermidades e se leve a cabo o programa de control vacinal aprobado pola autoridade competente para o mantemento daquelas. Estas explotacións denominaranse X2 para a mixomatose e H2 para a enfermidade hemorráxica vírica do coello.

c) Explotacións oficialmente indemnes: aquelas en que no último ano non se presentasen evidencias clínicas de calquera das dúas enfermidades e non se vacinase ningún dos seus animais contra estas durante os últimos 12 meses. Así mesmo, deberanse ter realizado sobre a poboación de reprodutores probas de control para detectar a enfermidade cunha prevalencia do dous por cento e un nivel de confianza do 98 por cento, segundo os criterios da táboa. Estas explotacións denominaranse X3 para a mixomatose e H3 para a enfermidade hemorráxica vírica do coello.

As explotacións de produción poderán obter esta cualificación se, ademais de evidenciaren a ausencia de sig-

nos clínicos e non teren vacinado, se abastecen de animais procedentes de explotacións cualificadas como oficialmente indemnes.

Tamaño da mostra requirida para detectar a presenza de enfermidades. Nivel de confianza do 98 por cento

Tamaño poboación	Tamaño da mostra para unha prevalencia mínima do dous por cento
1-40	Todos.
41-50	Todos até un máximo de 48.
51-70	62.
71-100	78.
101-200	105.
201-1.200	138.
> 1.200	145.

2. Movemento dos animais.

Os animais que saian dunha explotación cunícola con destino distinto ao sacrificio poderán realizar este movemento soamente cara a unha explotación cuxa cualificación sanitaria sexa igual ou inferior á da explotación de orixe.

3. Mantemento da cualificación.

Para o mantemento da cualificación sanitaria a autoridade competente deberá seguir os seguintes criterios:

a) Explotacións indemnes: seguen sen presentar signos clínicos das enfermidades durante os 12 últimos meses e manteñen o programa de control de enfermidades aprobado pola autoridade competente. Os animais que ingresen de novo na explotación procederán de explotacións de igual ou superior nivel sanitario.

b) Explotacións oficialmente indemnes: seguen sen presentar signos clínicos das enfermidades durante os 12 últimos meses e realizan anualmente sobre os reprodutores probas serolóxicas de mantemento, para detectar a presenza de enfermidade cunha prevalencia do cinco por cento e un nivel de confianza do 95 por cento, segundo os criterios da táboa. Os animais que ingresen de novo na explotación procederán de explotacións de igual nivel sanitario. As explotacións de produción poderán manter esta cualificación se, ademais de evidenciaren a ausencia de signos clínicos e non teren vacinado, se abastecen de animais procedentes de explotacións cualificadas como oficialmente indemnes.

Tamaño da mostra requirida para detectar a presenza de enfermidades. Nivel de confianza do 95 por cento

Tamaño poboación	Tamaño da mostra para unha prevalencia mínima do cinco por cento
1-25	Todos.
26-30	26.
31-40	31.
41-50	35.
51-70	40.
71-100	45.
101-200	51.
201-1.200	57.
> 1.200	59.

4. Recuperación da cualificación sanitaria após a detección da enfermidade.

a) Unha explotación infectada de enfermidade hemorráxica vírica do coello ou de mixomatose non

e poderá ser considerada oficialmente indemne da enfermidade até seis meses despois de terse eliminado o último caso e ter procedido:

1.º Ao sacrificio sanitario dos coellos e eliminación hixiénica dos cadáveres e subprodutos segundo a lexislación vixente. Limpeza e desinfección minuciosa realizada baixo a supervisión do veterinario autorizado ou habilitado e un baleiro sanitario das coelleiras durante, polo menos, seis semanas.

2.º A repoboación deberase realizar con animais de explotacións oficialmente indemnes, ou deberá cumprir os requisitos establecidos no número 1.c) deste anexo.

b) Unha explotación infectada de enfermidade vírica hemorráxica do coello ou de mixomatose non poderá ser considerada indemne até ter procedido a cumprir os seguintes requisitos:

1.º Sacrificio sanitario dos coellos e eliminación hixiénica dos cadáveres e subprodutos segundo a lexislación vixente. Limpeza e desinfección minuciosa realizada baixo a supervisión do veterinario autorizado ou habilitado.

2.º Repoboación con animais procedentes de explotacións con igual ou superior nivel sanitario.

3.º Vacinación.

4.º 21 días de inmovilización.

ANEXO III

Siglas identificadoras das provincias españolas

Comunidade de Castilla y León

Segovia: SG.
Soria: SO.
Valladolid: VA.
Zamora: ZA.
Ávila: AV.
Burgos: BU.
León: LE.
Palencia: P.
Salamanca: SA.

Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha

Albacete: AB.
Ciudad Real: CR.
Cuenca: CU.
Guadalajara: GU.
Toledo: TO.

Comunidade Autónoma de Extremadura

Badajoz: BA.
Cáceres: CC.

Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia

Murcia: MU.

Comunidade Valenciana

Alicante/Alacant: A.
Castellón/Castelló: CS.
Valencia/València: V.

Comunidade de Madrid

Madrid: M.

Comunidade Autónoma de Cantabria

Cantabria: S.

Comunidade Autónoma de Cataluña

Barcelona: B.
Girona: GI.
Lleida: L.
Tarragona: T.

Comunidade Autónoma de Galicia

A Coruña: C.
Lugo: LU.
Ourense: OU.
Pontevedra: PO.

Comunidade Autónoma de Andalucía

Almería: AL.
Cádiz: CA.
Córdoba: CO.
Granada: GR.
Huelva: H.
Jaén: J.
Málaga: MA.
Sevilla: SE.

Comunidade Autónoma do Principado de Asturias

Asturias: O.

Comunidade Autónoma de la Rioja

La Rioja: LO.

Comunidade Autónoma de Aragón

Huesca: HU.
Teruel: TE.
Zaragoza: Z.

Comunidade Autónoma de Canarias

Las Palmas: GC.
Santa Cruz de Tenerife: TF.

Comunidade Foral de Navarra

Navarra: NA.

Comunidade Autónoma das Illes Balears

Illes Balears: IB.

Comunidade Autónoma do País Vasco

Araba: VI.
Gipuzkoa: SS.
Bizkaia: BI.

ANEXO IV

Contido mínimo do libro de rexistro de explotación

O libro de rexistro de explotación conterá, con carácter xeral, os seguintes datos:

- a) Código de explotación.
- b) Nome e enderezo da explotación.
- c) Identificación do titular e enderezo completo.
- d) Clasificación zootécnica.
- e) Inspeccións e controis: data de realización, motivo, número de acta (para os oficiais) e identificación do veterinario actuante.
- f) Capacidade máxima. Débense indicar expresamente os animais por categoría: machos reprodutores, femias reprodutoras, animais de engorda, animais de reposición (femias e machos), outros.
- g) Entrada de lotes de animais: data, cantidade de animais e categoría a que pertencen: machos reprodutores, femias reprodutoras, animais de engorda, animais de reposición (femias e machos), outros; código da explotación de procedencia e número de guía ou certificado sanitario.
- h) Saída de lotes de animais: data, cantidade de animais e categoría a que pertencen: machos reprodutores, femias reprodutoras, animais de engorda, animais de reposición (femias e machos), outros; código da explotación, matadoiro ou lugar de destino e número de guía ou certificado sanitario.
- i) Incidencias de calquera enfermidade infecto-contaxiosa que teña repercusión na saúde pública: data, número de animais afectados, medidas practicadas para o seu control e eliminación, se for o caso.
- j) Censo medio de animais durante o ano anterior por categorías: machos reprodutores, femias reprodutoras, animais de engorda, animais de reposición (femias e machos), outros, de acordo coa declaración prevista no artigo 9.e).3.º

Non obstante, o libro de rexistro dos matadoiros cunícolas non conterá a alínea d), así como non será obxectivo que conteña as alíneas e), f) e j).

12181 *REAL DECRETO 1473/2004, do 18 de xuño, polo que se establecen medidas de carácter socioeconómico no sector pesqueiro e se modifica o Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro en materia de acuicultura e comercialización.* («BOE» 157, do 30-6-2004.)

O Regulamento (CE) n.º 2792/1999 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións comunitarias con finalidade estrutural no sector da pesca, foi modificado polo Regulamento (CE) n.º 2369/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002. Con motivo da dita modificación aprobouse o Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto, de ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais, o cal recolle aspectos tales como a renovación da frota, o equipamento e modernización dos buques de pesca, o axuste dos esforzos pesqueiros, as sociedades mixtas, a paralización temporal das actividades pesqueiras e outras compensacións financeiras, así como o control do esforzo pesqueiro.

O dito real decreto derroga determinados aspectos do Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo

que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro.

Este real decreto adapta a normativa comunitaria no referente á regulación das medidas socioeconómicas destinadas ao cofinanciamento dos réximes nacionais de axuda á xubilación anticipada de pescadores, á concesión de primas globais individuais e primas compensatorias individuais non renovables destinadas a fomentar a reconversión profesional dos pescadores e diversificaren as súas actividades e primas destinadas aos pescadores de idade inferior aos 35 anos para a adquisición dun buque pesqueiro en propiedade total ou parcial.

Serán competentes para a tramitación das axudas as comunidades autónomas en cuxo territorio estea situado o porto base do buque pesqueiro ou se atope o domicilio fiscal do pescador beneficiario.

Igualmente, modifícase o Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, que establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro, parcialmente vixente tras a promulgación do Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto. Estas modificacións refírense ás axudas no sector da acuicultura e da transformación dos produtos da pesca e da acuicultura.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector afectado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de xuño de 2004,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Mediante este real decreto establécese a regulación das medidas socioeconómicas vinculadas ás medidas de reestruturación do sector pesqueiro, de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 2792/1999 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións comunitarias con finalidade estrutural no sector pesqueiro, e no Regulamento (CE) n.º 2369/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, polo que se modifica o anterior.

2. Adicionalmente, tamén se introducen modificacións ao Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Autoridade competente: as comunidades autónomas que, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán adoptar a favor dos pescadores medidas de carácter socioeconómico vinculadas ao axuste da capacidade de pesca de acordo co artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e a explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación será a autoridade competente para a aplicación deste real decreto nas cidades de Ceuta e Melilla.

b) Pescador: toda persoa que exerza a súa actividade profesional principal a bordo dun buque de pesca marítima en activo.